
Solicitud de recursos especiais

- Actualizado (12.04.2010)

O acceso os recursos dos servidores de cálculo e almacenamiento dispoñibles no centro está limitado co fin de poder compartir estes recursos de forma equitativa entre os usuarios, e o mesmo tempo poder garantir un funcionamento óptimo dos sistemas. Tamén é necesario establecer límites nos tempos de execución dos traballos para poder planificar as paradas de mantemento sen prexucio de que se teñan que deter traballos en execución.

Sen embargo, existen situacións particulares nas que un usuario ou grupo de investigación pode requirir, por un prazo limitado e para determinados cálculos, uns recursos superiores ós utilizados habitualmente ou unha priorización dos seus traballos co obxectivo de ser competitivos no seu campo. É unha das misións do CESGA o facilitar ós investigador o acceso a estes recursos polo ben da comunidade científica, polo cal ten habilitado un mecanismo mediante o cal se posibilita este acceso.

En xeral, o procedemento a seguir nestas situacións consiste en cubrir un formulario de solicitude de acceso a recursos especiais, indicando, especialmente, cales son aqueles valores que necesita incrementar (memoria, tempo de cpu, número de procesadores, espazo en disco scratch ou número de traballos simultáneos) ou se necesita priorización dos seus traballos. É moi importante indicar as datas de comezo e fin durante as cales se aplicarán estes recursos especiais, así como xustificar as razóns polas que son necesarios estes recursos.

Unha vez recibida a solicitude, esta será analizada polo departamento de sistemas e comunicarse ao usuario a decisión adoptada respecto á súa aceptación ou denegación da mesma, así como as condicións de utilización do servizo.

En xeral, e para evitar prexudicar ao resto dos usuarios, tras gozar dun aumento puntual dos recursos, o usuario ou grupo de investigación verá penalizada a súa utilización dos servizos do centro, do cal será informado no momento en que se lle conceda o acceso.